

Guía sobre as probas de acceso a 1º Curso de Grao Profesional ¹

Curso 2022/23

- PRAZOS E DATAS

No documento *Prazos e datas de interese do acceso a 1º Curso de Grao Profesional*, publicado na web do centro, poderase consultar a información ao respecto.

- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Para todas as especialidades, agás para a de Canto, a proba constará de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.
- B) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Os exercicios correspondentes á parte de linguaxe musical serán iguais para todos os candidatos e para todos os tribunais das distintas especialidades.

No caso da especialidade de Canto, as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación de tres obras de diferentes estilos, libremente elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será de repertorio lírico.
- B) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical.

- CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os contidos e criterios de avaliación das probas pódense consultar nas programacións didácticas das materias que están a disposición do alumnado na páxina web do centro.

Recoméndase tamén consultar o documento *Información sobre a parte B da proba de acceso a 1º G. P.* dispoñible no apartado sobre o acceso na web do centro.

¹ **Lexislación aplicable:** Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

- SUPERACIÓN DA PROBA E OBTENCIÓN DE PRAZA

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes: 70% o exercicio A e 30 % o exercicio B.

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

- OBSERVACIÓNS

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI e do resgardo da inscrición.

Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal.

Para a realización do exercicio A) da proba, no caso de que o repertorio presentado requira de acompañamento pianístico, este correrá a cargo do aspirante á praza. O centro poderá poñer a disposición dos candidatos que o soliciten un servizo de pianista acompañante. Dita solicitude deberase facer constar na inscrición da proba.

Para a realización das probas escritas, os alumnos deben traer bolígrafo, lapis e goma.

Calquera actualización ou modificación con respecto as datas ou ao desenvolvemento da proba que por indicación das autoridades pertinentes se deba realizar será comunicada aos aspirantes mediante publicación na páxina web do centro e/ou comunicación directa cos mesmos.